

PAUTAS PARA AS FAMILIA:

Como poden colaborar no desenvolvemento lingüístico dos seus nenos e nenas

1. **Alimentación.**

- **Comer correctamente** axuda a pronunciar mellor. **Morder** e **mastigar** alimentos con diferentes texturas (froitas, pan de barra, galletas, ...)
- Comer só o bocadillo. **Evita-lo pan de molde**
- Fomentar a **autonomía** do neno e da nena nos momentos das comidas.
- **Prescindir absolutamente de chupetes, biberóns e papillas.**

2. **Fale co seu fillo e coa súa filla:** Acompañe calquera cousa que faga con palabras, propicie que responda, esíxalle respostas cada vez máis elaboradas que un si/non, se é necesario ofrézalle un modelo para construír unha frase máis longa, fágalle preguntas con ¿Quen?, ¿Onde?, ¿Por qué?.

-No baño

-Nas comidas

-Cando saian de paseo

-Cando se viste ou ispe

Cando vaia a falarlle ó seu fillo ou á súa filla:

-permaneza cerca del ou dela

-póñase á súa altura

-míreo/a ós ollos

-chámelle polo seu nome

3. Ensíneo/a a seguir **instrucións e ordes sinxelas**

-dígalle o que ten que facer

-demóstralle como ten que facelo

-guíe os seus movementos

Exemplo: “Vai á túa habitación e tráeme o pantalón que está enriba da cama”

Utilice situacións onde interveñan conceptos básicos relativos a: lugar, tamaño, cor, velocidade,

....

-diante – detrás

-arriba – abaixo

-preto – lonxe

- enriba – debaixo
- grande – pequeno
- rápido - amodo

Exemplos: “María, garda o pan dentro do armario”. “Xoán, ven rápido e tráeme”. “Mónica, busca o pantalón vermello”. “Séntate máis preto de min”

4. Cántelle **contos**, historias, relatos,

- Utilizar **varias veces o mesmo conto**, provoca un coñecemento máis profundo do relato. Cando un neno ou nena pide que lle contemos o mesmo conto unha e outra vez demostra que lle produce satisfacción emocional, dálle seguridade e proporciónalle pracer e disfrute.
- **Vemos xuntos as imaxes** e pedímoslle ó neno ou nena que nos vaia contando el mesmo a historia. Nesta tarefa, estimularemos o proceso de construción de frases cada vez máis estruturadas, explicando os porqués das accións que se producen.
- Exemplo: “Gato, come,” → “O gato come porque tiña fame”
- O neno ou a nena anticipará as accións seguintes, saberá **que pasou primeiro, que pasou despois**,
- Utilizaremos a **teatralización**, cambios de tono, voces especiais, onomatopeas (miau, guau, muuu, ...), imitación de movementos dalgún personaxe, como recursos para que a experiencia sexa máis divertida e enriquecedora.
- Reforzaremos **vocabulario** do neno e da nena con tódalas palabras novas que aparezan na historia.
- Reforzaremos a capacidade de **atención**, cando somos capaces de ter ó neno ou á nena uns momentos, uns minutos diarios, tranquilos, escoitando e centrando ó seu interese no relato.